

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 29/12/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de non asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29/12/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22 de decembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/5076

Dáse conta do escrito presentado por D. Rafael Barreiro Moroño, en representación de AYM CB, solicitando autorización para ocupación de vía pública para a realización de concertos no exterior do local La Bolsa, en Rúa Méndez Núñez nº 21, con motivo da festividade de Nadal, os días 24 e 31 de decembro de 2025, en horario de 13:00 a 16:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/5077

Dáse conta do escrito presentado por D. Rafael Barcala Santiago, en representación da Comisión de Festas San Miguel de Trabanca Badiña, solicitando autorización para celebrar un baile de libre concorrencia para os vecños do lugar, o día 31 de decembro, a partir das 24 horas, no local social de Trabanca Badiña.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá cumprir o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

PRP2025/5078

Dáse conta do escrito presentado por D. David Couso Rodríguez solicitando a entrega do patinete que lle foi inmovilizado por carecer de autorización administrativa para circular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do VMP de referencia previo aboamento das taxas devengadas, e comprometendose o solicitante recollelo en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública e a continuar coa inmovilización do mesmo ao non estar autorizada a súa circulación.

- Taxa de inmovilización: 35 €

- Días de depósito: 6x7 €/día: 42 €

TOTAL: 77,00 €.

Dar conta a Rendas.

PRP2025/5079

Dáse conta do escrito presentado por D. Duvan Stevan Montoya Fernández solicitando a entrega do patinete que lle foi inmovilizado por carecer de autorización administrativa para circular.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a devolución do VMP de referencia previo aboamento das taxas devengadas, e comprometendose o solicitante recollelo en vehículo adecuado para evitar o seu desprazamento pola vía pública e a continuar coa inmovilización do mesmo ao non estar autorizada a súa circulación.

- Taxa de inmovilización: 35 €

- Días de depósito: 364,00 €

TOTAL: 399,00 €.

Dar conta a Rendas.

PRP2025/5080

A Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2025 aprobou o convenio para a concesión dunha subvención directa á AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (G-36213213), por importe de 65.000,00€.

A Xunta de Goberno Local de data 10 de novembro de 2025 acordou o recoñecemento de obriga derivada do anticipo do 50% da cantidade concedida, por importe de 32.500,00 €, segundo o indicado na cláusula VII do Convenio.

A Xunta de Goberno Local de data 24 de novembro de 2025 acordou conceder a prórroga solicitada para a xustificación do convenio de colaboración, sen exceder da data límite de peche do exercicio do 16 de decembro de 2025.

Vista a proposta da Concellería de Seguridade Cidadá, e comprobado que a conta xustificativa e demais obrigas establecidas foron presentadas en prazo e visto o informe favorable da Intervención Municipal, previa a xustificación total da subvención polo importe de 65.000 €, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga polo restante 50% de 32.500 €, con cargo á partida 135.489.

PRP2025/5088

O Concello está subscrito a unha plataforma específica de facenda on-line denominada "FACENDA LOCAL" da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A., utilizada polos departamentos de intervención e xestión tributaria e recadación, composta polos seguintes servizos:

- Actualidade: Noticias especializadas, artigos, monográficos, emprego público, subvencións, etc.
- Expedientes: Repositorio de expedientes e modelos especializados.
- Consultas: Consultas resoltas. Servizo de solicitude de consultas resoltas por especialistas na materia. Intervención e Xestión Tributaria y Recadación.
- Bases de Datos: Lexislación, xurisprudencia e órganos consultivos.
- Os Meus Estudos: Toda a información económica do municipio dos tres últimos anos. Informes comparativos cos municipios da provincia.
- Solicitude de Expedientes e Consultas especializadas.
- Áreas temáticas: Todos os recursos necesarios para abordar un tema, unha actividade ou problemática concreta.
- Formación: Cursos de formación especializada dentro da área de Facenda Local. Acceso á plataforma de formación On Line.
- Usuarios ilimitados.

Una vez consultados o distintos departamentos e servizos do Concello, indican que non é necesario a renovación desta subscrición.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a baixa da subscrición do Concello á Plataforma de Facenda Local vía web coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. unha vez finalice a presente subscrición o día 12/01/2026.

PRP2026/0137

Dáse conta da existencia dun erro, no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xaneiro de 2025, de adxudicación á empresa LA LEY SOLUCIONES LEGALES SA da renovación do servizo de subscrición e soporte das aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía Web para o ano 2025, seguintes:

- 1.- Un servizo de soporte e subscrición dos produtos de consulta ON-LINE agrupados como “WES111 Páxina web personalizada” para o período do 26/02/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 8.426,44 € IVE incluído (21%).
- 2.- Unha subscrición en formato papel da revista “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel” para o período do 26/03/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 1.076,17 € IVE incluído (4%).
- 3.- Un servizo de soporte e subscrición da aplicación informática vía web “CLW12 Complylaw” (1 Licenza) para o período do 26/02/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 1016,40 € IVE incluído (21%).
- 4.- Unha subscrición en formato papel da revista “LAA16 Todo Social” para o período do 30/03/2025 ao 29/03/2026 por un importe de 297,71 € IVE incluído (4%).

No citado acordo figuraba un importe total de 10.476,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706, debendo figurar un importe total de 10.816,72 € (IVE incluído), con cargo á citada partida 920.22706.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/5085

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de decembro 2025:

1- Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificacións do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 11.706,33€

ii. Comedor: 4.799,76€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 18 de Agosto de 2025 en concepto de:

i. Atención educativa: 6.743,01€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de decembro de 2025.

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de decembro de 2025: 23.249,10 €, con cargo á partida 323.48007.

PRP2025/5097

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de CRUZ ROJA ESPAÑOLA CIF: Q2866001G por importe de 115.000,00 €, con cargo á partida 231.48002, en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025 para o desenvolvemento de actuacións e actividades no marco de xestión e mantemento do Albergue destinado a persoas sen fogar e transeúntes.

PRP2025/5098

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACIÓN ATENCIÓN A LA PARALISIS CEREBRAL Y AFINES AMENCER-ASPACE, CIF G36153757, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025.

PRP2025/5099

Visto o informe favorable da Coordinadora de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de CROMOSOMOS X, CIF G01830512, por importe de 500,00 €, con cargo á partida 231.48002 en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2025/5087

Dáse conta do escrito presentado por Dona Inés Castro Bravo, solicitando a renovación da prórroga da concesión provisional, en réxime de aluguer dos postos nº9 e nº10 exteriores, zona "H "da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados no que se indica que está en posesión de toda a documentación necesaria para o exercicio da actividade, e de conformidade co artigo 21.3 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a renovación da prórroga por dous anos, da autorización provisional dos postos nº 9, Zona H, exteriores, da Praza de Abastos, continuando pagando o canon mensual do posto.

EDUCACIÓN

PRP2025/5114

A Concellería de Educación, emitiu informe o que se achega, de data 18/12/2025, no que sinala que “as ANPAS que solicitaron a subvención para o Plan Madruga, ao abeiro das BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA CURSO 2024/25, aprobadas na Xunta de Goberno Local do

27/10/2025, foron:

- ANPA ALONGA DO CEIP ARELONGA
- ANPA RUBIÁNS
- ANPA A XUNQUEIRA DO CEIPA LOMBA
- ANPA SAN MARTIÑO DO CEIP DE VILAXOÁN
- ANPA DO ROSALÍA DE CASTRO
- ANPA DR. FLEMING
- ANPA A ESCARDIA
- ANPA O PIÑEIRO

Para ese período, as bases xa establecían que xunto coa solicitude tiña que ser presentada a xustificación do gasto. Todas as entidades, logo das aportacións requiridas por este servizo, completaron a documentación.

No artigo 2 das bases, sinalase que importe da axuda será de 100 €/mes no que se preste o servizo e para cada Asociación de Pais e Nais. No caso de que a partida presupostaria non fose suficiente para cubrir todas as solicitudes, reducirase a axuda por mes no mesmo importe a todas as asociacións beneficiarias.

E se establece, no artigo 8, que as obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á aplicación 320-48003, da Concellería de Educación, do orzamento municipal de 2025, por un importe máximo de 8.000 €.

O total de meses nas que se prestou o servizo foi de 78, polo que ese importe máximo de 8.000 € permite conceder os 100 € que se establecían.

Os meses e gastos xustificandos e a axuda que lle corresponde a cada unha delas é a seguinte;

ANPA	CIF	MESES	GASTO XUSTIFICADO	SUBVENCIÓN
ANPA ALONGA	G36158731	10	4.012,05	1.000
ANPA RUBIÁNS	G36204162	10	3.265	1.000
ANPA A XUNQUEIRA	G94050143	9	5.460	900
ANPA SAN MARTIÑO	G36271039	10	2.470	1.000
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	G36179547	9, de outubro a xuño	3.150	900
ANPA DR. FLEMING	G36351823	10	6.370	1.000
ANPA O PIÑEIRO	G36104941	10	3.584	1.000
ANPA A ESCARDIA	G36145209	10	3.055	1.000
			TOTAL	7.800

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación das axudas citadas e o recoñecemento de obriga a cada unha das ANPAs indicadas.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2025/5115

A Xunta de Goberno Local celebrada o 15/009/2025, acordou, entre outros asuntos:

- Aceptar a subvención da Consellería do Mar, concedida ao abeiro da ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025, para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DA RÍA NOS 12 MESES, de 18.513 €, que financia o 100% dos gastos.
- Solicitar á Intervención Municipal a incoación do correspondente expediente de xeración de crédito, na partida 432.22610, por importe de 6.957,50 €, no presuposto 2024 e 11.555,50 € no do 2026.

De acordo co proxecto presentado, os traballos a realizar no ano 2026, e os provedores e importes correspondentes, son os seguintes:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE engadido)
12 showcookings e instalación de cámara cenital	JUAN CARLOS AMEJEIRAS FARALDO NIF: 76411882V	10.648,00 €
Xestión das redes sociais	CARLOS JAVIER CRESPO GÓMEZ NIF. 15373039T	907,50 €
	TOTAL	11.555,50 €

Vista a proposta do Servizo de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dos seguintes traballos, cos provedores e os importes que se indican, no ano 2026, dentro do proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DA RÍA NOS 12 MESES, que é financiado no 100% pola Consellería do Mar ao abeiro da ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025, con cargo á partida 432.22610 do orzamento municipal de 2026, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no citado exercicio 2026:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE engadido)
12 showcookings e instalación de cámara cenital	JUAN CARLOS AMEJEIRAS FARALDO NIF: 76411882V	10.648,00 €
Xestión das redes sociais	CARLOS JAVIER CRESPO GOMEZ NIF. 15373039T	907,50 €
	TOTAL	11.555,50 €

PRP2025/5113

Dáse conta de informe da Concellería de Turismo, de data 18/12/2025, no que sinala que a Xunta de Goberno do 01/12/2025 acorda, entre outros asuntos, conceder unha subvención á asociación CASTESLAB, con CIF G94196805, para a celebración da Feira do Viño Castes 2025.

O convenio regulador quedou asinado polas dúas partes o 12/12/2025.

Xunto co convenio, CASTESLAB presenta un anexo I no que figura a previsión de ingresos e de gastos de 42.100 € en ambos conceptos. Nos ingresos xa están incluídos os 6.000 que aporta o concello, 9.600 € da Deputación de Pontevedra e 14.500 € da Xunta de Galicia.

No anexo II figuran, como gastos a xustificar ao concello, 10.890 €. No anexo III constan 3 facturas por actuacións musicais e por ese importe total de 10.890 € (IVE engadido). Presentan as copias das facturas e os xustificantes de pago correspondente.

Esas facturas non foron incluídas nas xustificacións de gastos presentadas para xustificación doutras subvencións.

No Balance de Ingresos e Gastos (Anexo V) consta un importe de 68.843,07 € nos dous conceptos.

Presentan tamén os certificados de estar ao corrente con AEAT, facenda e Seguridade Social.

As datas de celebración foron as previstas, do 8 ao 23 de novembro.

Presentan unha ampla e detallada memoria na que expoñen a considerable repercusión económica que tivo para a hostalería en Vilagarcía, a presenza nas redes sociais ou o éxito de público acadado e acredita que se cumpriu o obxecto da subvención, que de acordo co sinalado no convenio, era o fomento de Vilagarcía de Arousa coo lugar idóneo para a celebración de eventos culturais e promocionais, que provocan a chegada á nosa cidade dunha gran cantidade de público nuns casos ou de determinados colectivos ou especialistas vinculados a un produto, e que xera un forte impacto económico

En consecuencia, considérase correctamente xustificada a subvención de 6.000 € que lle fora concedida á ASOCIACION CASTELAB, con CIF G94196805, para celebración da Feira do Viño CASTES 2025.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a xustificación presentada por CASTESLAB da subvención que lle foi concedida para a celebración do Festival do Viño Castes 2025.
- Dar por cumprido o obxectivo do convenio regulador desa subvención que era o fomento

de Vilagarcía de Arousa coo lugar idóneo para a celebración de eventos culturais e promocionais, que provocan a chegada á nosa cidade dunha gran cantidade de público nuns casos ou de determinados colectivos ou especialistas vinculados a un produto, e que xera un forte impacto económico.

- O recoñecemento da obriga e o pago da subvención a CASTESLAB, con CIF G94196805, de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432.489.

PRP2025/5111

Dáse conta de informe da Concellería de Turismo respecto da documentación presentada pola Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, para a xustificación da subvención nominativa, no que sinala que “a Cofradía de Pescadores de Carril presentou, en data 30/07/2025, unha memoria técnica para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2025, no que solicitaba ao Concello a aportación e/ou colaboración de material, promoción, aportación de man de obra, etc aínda que non facía referencia á solicitude da subvención.

Con posterioridade procedeuse á sinatura do convenio correspondente.

O 01/10/2025 presentan a documentación xustificativa da subvención de acordo co sinalado no convenio.

Na conta xustificativa, Anexo II, a entidade opta por presentar só o gasto suficiente para xustificar a subvención do Concello. Ese documento fai referencia a un gasto de aluguer de carpa e outro de compra de pan en empanada, que corresponde, como figura no anexo III,

- factura de 3.750 € (+IVE) de Carpas Pontevedra, S.L. e outro da panadería Victor Cordo e Hijos, S.L., de 2.356,25 € (+ IVE). O importe total da xustificación é de 6.106,2 €. Achegan a copia das facturas e os xustificantes de pago correspondentes.

No anexo V indícase unha relación de ingresos totais de 67.000 € e de 67.869,24 € de gastos, polo que resulta un déficit de 869,24 €.

Tendo en conta ea documentación presentada, enténdese:

- Que está correctamente xustificada a subvención.
- Foi cumprido o obxectivo do convenio, que era a Promoción Turística que, neste caso, lógrase a través da realización de eventos que difundan os atractivos de Vilagarcía, dun xeito especial os vinculados co mundo da gastronomía. En particular, a divulgación do valor da Ameixa de Carril”

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a concesión da subvención, que figura como nominativa no orzamento 2025, á Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2025.
- Aprobar a documentación presentada pola Cofradía de Pescadores de Carril para a xustificación desa subvención é conforme ao establecido no convenio regulador asinado.
- Recoñecer a obriga e acordar o pago á Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, con CIF G36012813, de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 432.48002.

PRP2025/5110

En data 17/12/2025, pola Concellería de Turismo emitíuse informe no que sinala “Que na Xunta de Goberno do 13/10/2025 douse conta da resolución de Alcaldía de aprobar o convenio, e da sinatura do mesmo, coa empresa New Live Promociones Culturales, S.L, que regula a concesión dunha subvención de 55.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 432-470, para a celebración do ATLANTIC FEST 2025 os días 18, 19 e 20 de xullo.

A previsión económica presentada pola empresa alcanzaba os 819.300 € (+ IVE), tanto en ingresos como en gastos.

A relación de ingresos totais ascende a 963.019,10 € e a de gastos, a 975.437,82 € polo que actividade xerou unha perda de 12.418,72 €.

O Festival realizouse, como estaba previsto, os días 18, 19 e 20 de xullo.

Á vista da documentación presentada, enténdese:

- Cumprido o obxectivo do convenio, que era o fomento de Vilagarcía de Arousa como lugar

idóneo para a celebración de concertos multitudinarios, que provocan a chegada dunha grande cantidade de público que xera un forte impacto económico.

- Que está correctamente xustificada a subvención outorgada”

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a xustificación presentada pola empresa e dar por cumprido o obxectivo do convenio, que era o fomento de Vilagarcía de Arousa como lugar idóneo para a celebración de concertos multitudinarios, que provocan a chegada dunha grande cantidade de público que xera un forte impacto económico.

- O recoñecemento da obriga e o pago da subvención de 55.000 € a New Live Promociones Culturales, S.L., CIF B94136066, con cargo á aplicación orzamentaria 432.470 do vixente presuposto, conforme a convenio regulador que fora asinado polas dúas partes.

PRP2026/0152

A Xunta de Goberno Local do 05/08/2024 acordou a sinatura do convenio coa Cofradía de Pescadores Santiago Apóstolo de Carril para a concesión da subvención nominativa de 5.000 destinada ao financiamento da Festa da Ameixa de Carril, a celebrar o 11 de agosto de 2024.

Á vista da proposta da Concellería de Turismo e previa fiscalización da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno aproba a xustificación presentada pola Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, respecto da subvención nominativa do presuposto 2024, de 5.000 €, para a celebración da Festa da Ameixa 2024 e o recoñecemento da obriga correspondente, con cargo á partida 432.48002.

CULTURA

PRP2025/5066

A Xunta de Goberno Local aprobou o orzamento por importe de 300,00€, con cargo á partida 334.2260 9 para a realización dunha conferencia a cargo do profesor e académico D. Xesús Alonso Montero, a celebrar o pasado martes 4 de decembro de 2025 ás 20:00 h no auditorio Municipal.

Por motivos de saúde o conferenciante tivo que adiar sen data prevista esta conferencia. Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local queda sabedora da anulación desta actividade por motivos de saúde do conferenciante e a anulación do AD previsto ao non poder realizarse a conferencia neste ano 2025.

PRP2025/5117

O Festival Revenidas nacido en 2003 en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa) recuperaba unha tradición de principios do século XX centrada nunha gran sardiñada popular. A súa recuperación veu acompañada da realización dun festival no que a veciñanza e os miles de visitantes que nos acompañan poden gozar da diversidade musical nun contorno como o que oferta Vilaxoán a finais da época estival.

O programa de 2025 , que durou do 1 1 ao 1 4 de setembro , presentou máis de 4 0 concertos.

Preocúpase este festival da promoción dos distintos grupos emerxentes e novos talentos galegos e foráneos , con bandas galegas con outras de carácter internacional.

A programación diaria está perfectamente descrita na memoria presentada.

REVENIDAS S.C. (NIF: J 94117678) presenta en prazo a correspondente documentación xustificativa.

O convenio regulador para a celebración da edición 2025 do Festival Revenidas, foi aprobado na Xunta de Goberno Local do 25 de agosto de 202 5 , por un importe total de 45.000,00€ con cargo á partida 334.479 do orzamento vixente en 2025 (prorrogado o de 2024), destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2025 os días 11, 12, 13 e 14 de setembro deste mesmo ano.

O convenio é de 45 .000,00 CUARENTA E CINCO MIL EUROS) da partida 334 479 e xa foi xustificado.

Na Xunta de Goberno Local do 15 de decembro dáse conta da sinatura da addenda ao convenio pola partes por un importe de 10.000,00 € (DEZ MIL EUROS), aprobada na Xunta de Goberno Local do 1 de decembro de 2025.

Para a xustificación da mesma presentaranse aqueles documentos e xustificantes que se vexan afectados polo incremento da addenda.

Observada a actividade, e analizada a documentación aportada para a xustificación da addenda, pódese afirmar que as finalidades e o obxecto do convenio asinado co REVENIDAS SC para o Festival Revenidas 2025, cumpríronse satisfactoriamente en todo o acordado.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado, desde o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, a addenda a o convenio asinado coa entidade REVENIDAS SC (NIF: J 94117678) sen prexuízo do ditaminado pola Intervención Municipal.

Segundo: Recoñecer a obriga e proceder ao pago dos 10.000 (DEZ MIL EUROS) con cargo á partida orzamentaria 334.479.

PRP2025/5137

A asociación Cultural Curtas Film Fest, é unha asociación sen ánimo de lucro, que nos últimos anos ven organizando o Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa, sendo o ano 2025 a 53ª edición.

Esta Asociación desenvolve unha función importante no noso municipio, a través da súa tarefa de difusión cultural e desestacionamento da actividade cultural ligada normalmente ao verán.

As datas de celebración para esta edición de 2024 foron do 3 de outubro ata o 16 de novembro.

Nesta 53ª Edición do CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO centrou as súas actividades na temática do ano dos Reanimados.

A Xunta de Goberno Local do 30 de xuño de 2025 dou conta da proposta de Convenio para a concesión directa da subvención á asociación sen ánimo de lucro CURTAS FILM FEST por un importe de 55 .000,00€ para a financiación da 53ª edición do CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO.

Na XGL do 21 de xullo de 2025 deuse conta da sinatura do convenio polas partes e ordénase o pago do 50% segundo a cláusula sexta.

A asociación presenta a documentación xustificativa en prazo.

Vista a documentación xustificativa aportada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado o convenio asinado coa asociación sen ánimo de lucro CURTAS FILM FEST.

Segundo: O recoñecemento de obriga por importe do 50% pendente de aboamento (27.500,00 €), con cargo á partida orzamentaria 334.48002.

CONTRATACIÓN

PRP2025/5065

Dáse conta do expediente tramitado para a ampliación dos viais municipais de rúa Fontecarmoa e Travesías Fontecarmoa, no que consta a seguinte documentación:

- Borrador de convenio de cesión ao Concello, por parte de Dona Mª Patricia Presas Prego, duns terreos de 505 m2 de superficie.
- Informe do arquitecto técnico, don Carlos Rey Lustres, no que se recollen os criterios e materiais para a posterior redacción dun proxecto de urbanización da zona.
- Proxecto técnico dos traballos a realizar, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, que ascende a 392.980,61€ (IVE engadido).
- Informe do Interventor Municipal de data 26 de novembro de 2025.

No presente caso se trata dunha cesión que realiza un particular ao Concello de Vilagarcía de Arousa a cambio da execución dunhas obras, polo que, a competencia é da Xunta de Goberno Local, xa que a aprobación do proxecto técnico, así como a posterior adxudicación do contrato de obras, non supera o seu valor estimado o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, unha vez emitidos os informes correspondentes, acorda:

- 1.- Aprobar o convenio de cesión entre o concello de Vilagarcía de Arousa e Dona M^a Patricia Presas Prego, polo que Dona M^a Patricia Presas Prego cede ao concello unha superficie de 505 m² de superficie, nas condicións recollidas no citado texto, que forma parte do expediente.
- 2.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Obras de urbanización de terreos a ceder para incorporar a vial público en Fontecarmoa”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación ascende a 392.980,61€ (IVE engadido).
- 3.- A eficacia do convenio aprobado no acordo primeiro queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2026, para a execución das actuacións comprometidas polo Concello no citado convenio, de conformidade co informe da Intervención Municipal.
- 4.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo todos os trámites necesarios para continuar a tramitación do citado convenio e, nomeadamente, a sinatura do mesmo unha vez aprobado o texto.

PRP2025/5081

Dáse conta do expediente de contratación CT 84/2025 tramitado mediante Procedemento Aberto non suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato denominado “ Renovación de alumado no Paseo Marítimo de Vilagarcía e acceso a praias urbanas”, financiado con cargo ao Plan de Sostibilidade Turística en destino "PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa", enmarcado no Plan Nacional de Sostibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGeneration UE, cun orzamento de licitación de 410.223,63 € (sen IVE) e de 496.370,59 € (IVE incluído).

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreu o seguinte licitador: SETGA, S.L.U.

O licitador do contrato de obras de referencia presentou a oferta que a seguir se indica:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Oferta económica con IVE	Aumento do prazo de garantía fixado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación	Redución do prazo de execución do contrato en 1 mes
SETGA, S.L.U.	406.120,00 €	491.405,20 €	SÍ (5 ANOS)	SÍ

Prevía emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Puntos oferta técnica	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntuación mellora: aumento do prazo de garantía fixado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación	Puntuación mellora: redución do prazo de execución do contrato en 1 mes	TOTAL PUNTOS
SETGA, S.L.U.	47	406.120,00€	16	30	5	98 (Proposto para adxudicación)

Á vista do que antecede, e unha vez completado o expediente de contratación, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de obra denominado “Renovación de iluminación en paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa e acceso a praias urbanas”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, con cargo ao Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa” no marco do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, cun orzamento de licitación de 410.223,63€ (sen IVE); 496.370,59€ (con IVE) á empresa con NIF: B36699064 SETGA, S.L.U., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 165-6190018.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 406.120,00 € (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 85.285,20€, o que totaliza un importe de 491.405,20 € (IVE incluído).
- Melloras:
 - Aumento do prazo de garantía fixado en prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación (5 anos adicionais sobre o mínimo esixido nos pregos, o que supón un prazo de garantía total de 10 anos)
 - Mellora do prazo de entrega (redución de 1 mes, establecéndose o prazo en 3 meses).

PRP2025/5084

Dáse conta do expediente de contratación CT 39/2025 tramitado mediante Procedemento Aberto simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o contrato denominado “ Humanización da Rúa Bouza de Abaixo”, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Mais Provincia) 2025, cun orzamento de licitación de 641.123,61 € (sen IVE) e de 775.759,57€ (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU, CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES VALE, S.L., CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L, EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., NOVAVIAL S.L , ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos	Mellora consistente no aumento dunha unidade na partida 3.02 do proxecto técnico de obra
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	533.800,00 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	538.030,93 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	593.359,90 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	541.364,78 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.	586.628,00 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	596.116,74€	3 ANOS	SÍ	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	588.551,47 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	570.407,67 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	551.238,08 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	563.804,10 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
NOVAVIAL S.L.	559.893,25 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	579.575,74 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	571.882,26 €	3 ANOS	SÍ	SÍ
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	544.506,28 €	3 ANOS	SÍ	SÍ

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal con data 2 de decembro de 2025, e unha vez proposta a exclusión da clasificación da oferta da empresa Construcións Caldevergazo, S.L., por encontrarse incurso en presunción de anormalidade e non aportar a xustificación requirida, procédese á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co resultado seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntuación mellora: incremento do prazo de garantía	Puntuación mellora: da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos	Puntuación mellora consistente no aumento dunha unidade na partida 3.02 do proxecto técnico de obra	Total puntos
Construcciones Caldevergazo, S.L	533.800,00 €	10,00	30,00	30,00	30,00	100,00 (Proposto para exclusión)
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U	538.030,93 €	9,61	30,00	30,00	30,00	99,61 (Proposto para adxudicación)
Construcciones Vale, S.L.	541.364,78 €	9,30	30,00	30,00	30,00	99,30
Xestión Ambiental de Contratas, S.L.	544.506,28 €	9,00	30,00	30,00	30,00	99,00
Movimiento de Áridos y Contrucciones de	551.238,08 €	8,38	30,00	30,00	30,00	98,38

Arosa, S.L.						
Novavial, S.L.	559.893,25 €	7,57	30,00	30,00	30,00	97,57
Nemesio Ordóñez, S.A.	563.804,10 €	7,20	30,00	30,00	30,00	97,20
Montajes J.M. Iglesias, S.L.	570.407,67 €	6,59	30,00	30,00	30,00	96,59
Prace Servicios y Obras, S.A.	571.882,26 €	6,45	30,00	30,00	30,00	96,45
Oresa Construcciones y Servicios Globales, S.L.	579.575,74 €	5,73	30,00	30,00	30,00	95,73
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	586.628,00 €	5,08	30,00	30,00	30,00	95,08
Moncosa OHS, S.A.	588.551,47 €	4,90	30,00	30,00	30,00	94,90
Construcciones Fechi, S.L.U.	593.359,90 €	4,45	30,00	30,00	30,00	94,45
Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.	596.116,74 €	4,19	30,00	30,00	30,00	94,19

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista Ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.61

Total puntuación: 99.61

Orde: 3NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.3

Total puntuación: 99.3

Orde: 4NIF: B36746584 XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99

Total puntuación: 99

Orde: 5NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 98.38

Total puntuación: 98.38

Orde: 6NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 97.57

Total puntuación: 97.57

Orde: 7NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 97.2

Total puntuación: 97.2

Orde: 8NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.59

Total puntuación: 96.59

Orde: 9NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.45

Total puntuación: 96.45

Orde: 10NIF: B36494185 ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.73

Total puntuación: 95.73

Orde: 11NIF: B36162030 CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 95.08

Total puntuación: 95.08

Orde: 12NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 94.9

Total puntuación: 94.9

Orde: 13NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 94.45

Total puntuación: 94.45

Orde: 14NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 94.19

Total puntuación: 94.19

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Excluir ao licitador Construcciones Caldevergazo, S.L. por non presentar xustificación da presunción de anormalidade en que incorría a súa oferta.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Humanización da rúa Bouza de Abaixo”, cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, cun orzamento de licitación de 641.123,61€ (sen IVE); 775.759,57€ (con IVE), á empresa con NIF: B36816189 CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1530-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 538.030,93 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 112.986,50 €, o que totaliza un importe de 651.017,43 € (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía en 3 anos (prazo de garantía total: 4 anos).
- Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos.
- Mellora consistente no aumento dunha unidade na partida 3.02 do proxecto técnico de obra.

PRP2025/5092

Dáse conta do expediente de contratación CT 56/2025 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado, tramitación ordinaria e licitación electrónica para adxudicar o contrato denominado “ Ampliación dos Servizos de Saneamento e Abastecemento na Rúa Ameal”, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Mais Provincia) 2025, cun orzamento de licitación de 80.720,85 € (sen IVE) e de 97.672,23 € (IVE incluído).

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), CONSTRUCCIONES VALE, S.L., EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ

PORTELA, S.L., MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. e NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	75.800,00 €	3 ANOS	SÍ
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	78.864,27 €	3 ANOS	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	74.804,01 €	3 ANOS	SÍ
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	72.325,88 €	3 ANOS	SÍ
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	69.976,90 €	3 ANOS	SÍ
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	75.909,89€	3 ANOS	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	78.460,50 €	3 ANOS	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L.	69.807,39 €	3 ANOS	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	71.082,78 €	3 ANOS	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	78.153,94 €	3 ANOS	SÍ

Vistos os informes técnicos emitidos polo Enxeñeiro Técnico Municipal con data 20 e 27 de novembro de 2025, e unha vez proposta a exclusión da clasificación da oferta das empresas Montajes J.M. Iglesias SL . e Construcciones Vale, procédese á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co resultado seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos mellora: incremento do prazo de garantía	Puntos mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos	TOTAL PUNTOS
Montajes J.M. Iglesias, S.L.	69.807,39 €	30,00	30,00	40,00	100,00 (Proposto para exclusión)
Construcciones Vale, S.L.	69.976,90 €	29,53	30,00	40,00	99,53 (Proposto para exclusión)
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	71.082,78 €	26,49	30,00	40,00	96,49 (Proposto para adxudicación)
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	72.325,88 €	23,08	30,00	40,00	93,08
Construcciones Fechi, S.L.U.	74.804,01 €	16,26	30,00	40,00	86,26
Construcciones Caldevergazo, S.L.	75.800,00 €	13,53	30,00	40,00	83,53
Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.	75.909,89 €	13,22	30,00	40,00	83,22
Nemesio Ordóñez, S.A.	78.153,94 €	7,06	30,00	40,00	77,06
Moncosa OHS, S.A.	78.460,50 €	6,21	30,00	40,00	76,21
Construcciones E.C.Casas, S.L.	78.864,27 €	5,10	30,00	40,00	75,10

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L. Proposto para a exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 99.53

Total puntuación: 99.53

Orde: 3NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 96.49

Total puntuación: 96.49

Orde: 4NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 93.08

Total puntuación: 93.08

Orde: 5NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 86.26

Total puntuación: 86.26

Orde: 6NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 83.53

Total puntuación: 83.53

Orde: 7NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 83.22

Total puntuación: 83.22

Orde: 8NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 77.06

Total puntuación: 77.06

Orde: 9NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 76.21

Total puntuación: 76.21

Orde: 10NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 75.1

Total puntuación: 75.1

Visto o que antecede, e téndose completado o expediente de contratación e incorporada ao expediente a documentación á que fai referencia o artigo 150.2 da LCSP, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Excluir ao licitador Montajes J.M. Iglesias, S.L., de conformidade co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal con data 20 de novembro de 2025 e o acordado pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o 25 de novembro de 2025; e á mercantil Construcciones Vale, S.L., de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal o 27 de novembro de 2025, sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Ampliación dos servizos de saneamento e abastecemento na rúa Ameal”, cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, cun orzamento de licitación de 80.720,85€ (sen IVE); 97.672,23€ (con IVE), á empresa con NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 160-60900.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 71.082,78 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 14.927,38 €, o que totaliza un importe de 86.010,16 € (IVE incluído).

- Melloras:

- Mellora: aumento do prazo de garantía en 3 anos, o que supón unha garantía total de 4 anos.
- Mellora da documentación técnica a presentar unha vez finalizada a execución dos traballos.

3.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 56/2024-e “Ampliación dos

servizos de saneamento e abastecemento na rúa Ameal”.

PRP2025/5089

Dáse conta do expediente de contratación CT 83/2025 tramitado mediante Procedemento Aberto non suxeito a regulación armonizada e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato denominado “ Adecuación dun novo acceso á Vía Verde do Salnés dende a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra”, financiado con cargo ao Plan de Sostenibilidade Turística en destino "PSTD Concello de Vilagarcía de Arousa", enmarcado no Plan Nacional de Sostenibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGeneration UE, cun orzamento de licitación de 190.067,28 € (sen IVE) e de 229.981,41 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B15675515 CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.

NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: incremento do prazo de garantía	MELLORA: Redución do prazo de execución en 1 mes
CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	187.843,49 €	SÍ (4 anos)	NON
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	172.800,00 €	SÍ (4 anos)	SÍ
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	165.814,70 €	SÍ (4 anos)	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	162.505,50 €	SÍ (4 anos)	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	168.931,80 €	SÍ (4 anos)	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	173.607,45 €	NO	SÍ
NOVAVIAL S.L	180.392,86 €	SÍ (4 anos)	SÍ

Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal con data 11 de decembro de 2025, e unha vez proposta a exclusión da clasificación da oferta da empresa MONCOSA OHS, SA., por encontrarse incurso en presunción de anormalidade e non aportar a xustificación requirida, procédese á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, co resultado seguinte:

